

7 OUT 2024

XORNADA MUNDIAL
POLO TRABALLO DECENTE

Manifesto



**NON HAI
TRABALLO
DECENTE SEN**



DEMOCRACIA

**NA SOCIEDADE
E NO TRABALLO**



A DEMOCRACIA ESTÁ NO CENTRO DA ACCIÓN SINDICAL MUNDIAL que representa a CSI, porque a democracia está en crise en moitos lugares do mundo; un mundo axexado por conflitos armados, por déficits do Estado de dereito e das liberdades, pola crise climática e o avance da tecnoloxía dixital e por unha intelixencia artificial que non sempre teñen un impacto positivo sobre as persoas.

A democracia no traballo non existe para millóns de persoas traballadoras que non teñen acceso a negociación colectiva onde establecer condicións e salarios xustos, dignos e equitativos, nin para desenvolver capacidades nin acceso á protección social, nin ao dereito á folga ou a crear sindicatos e afiliarse a eles, nin á participación de ningún tipo.

En nove de cada dez países vulnérase o dereito á folga, en oito de cada dez a negociación colectiva, en catro de cada dez impídese ou prohíbese a existencia de sindicatos, o 49 % de países do mundo encarcera persoas pola súa actividade sindical, vulnerando así o convenio fundamental da OIT á liberdade sindical.



ITUC CSI IGB

#TraballoDecente



7 OUT 2024

XORNADA MUNDIAL
POLO TRABALLO DECENTE



**NON HAI
TRABALLO
DECENTE SEN**



**DEMOCRACIA
NA SOCIEDADE E NO TRABALLO**



Os sindicatos proporcionamos, facilitamos e defendemos a democracia nos lugares de traballo, garantindo así que as persoas traballadoras somos seres humanos e parte da empresa, e non meras mercadorías. Os países con menor taxa de afiliación sindical e menos cobertura de convenios colectivos sitúanse nos últimos lugares canto a democracia e o seu emprego é máis precario.

Demóstrase **o nexo entre democracia e solidez dos dereitos das persoas traballadoras**, xa que a democracia no traballo revitaliza a democracia en todas as esferas da vida.

A redución da xornada de traballo que demandamos desde CCOO en España supón humanizar as relacións laborais e mellorar a vida das persoas. Iso tamén é democracia, traballo decente, xustiza social e unha distribución equitativa da produtividade, que non sexa unicamente aumentos dos beneficios empresariais, senón riqueza que beneficie a toda a sociedade.

A negociación colectiva logrou reducir a xornada en España a unha media de 38,5 horas semanais, pero non todos os sectores nin empresas acadaron ese dereito.

Neste 7 de outubro, Xornada Mundial polo Traballo Decente, desde CCOO reivindicamos a democracia na sociedade e no traballo como un valor fundamental para lograr o traballo decente, humanizar as relacións de traballo e garantir os dereitos fundamentais das persoas traballadoras.



#TraballoDecente

